

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **29 de maio de 2015**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do PP; don Juan Carlos Plaza
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Paz Abraira Sobrado
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Xosé Manuel Cao Rei, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 21 de maio de 2015.**

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Cultura**

- Para diversos gastos durante a celebración de Arde Lucus 2015, por importe de 133.122,99 euros, a favor de **PABLO CARAZO GONZÁLEZ, ABRAHAM CUPEIRO, PRAZA PÚBLICA, ARS DIMICANDI, ÁNGEL RODRÍGUEZ PORTELLA, ASOCIACIÓN CULTURAL CELTIBÉRICA, TROULA ANIMACIÓN, ASOCIACIÓN TAMBUKADA, DITIRAMBO ARDE LUCUS, EXCALIBUR ARDE LUCUS, TARANIS RECREACIÓN CULTURAL HISTÓRICA, S.L.L., CAMALEÓN VERDE, LEGEND ESPECIALISTAS, S.L., FAUNO, HERRERÍA TOCAFERRO, GRAF.ARTES GRÁFICAS, ARTISTAS Y ESGRIMA ESCÉNICA, DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA, MARÍA JOSEFA LOIS VÁZQUEZ, ASOCIACIÓN CONSEJO DEL HIERRO, LOS NAVEGANTES, ACHÁDEGO TEATRO, AUTOCARES BELMONTE.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG, por considerar que se contratan maiormente actividades de Arde Lucus con empresas de fóra de Lugo.

O PP tamén manifesta a súa abstención, polas mesmas razóns que o BNG, e ademais por considerar que ditas empresas se contratan directamente sin que haxa ofertas por parte delas.

#### **- De Servizos Eléctricos**

## **CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Refª: acta 29-05-15.doc

Asunto:

- Para instalacións eléctricas complementarias para o Arde Lucus 2015, por importe de 9.992,18 euros, a favor de **TEI LUGO INSTALACIONES, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Bombeiros**

- Para reparacións e pintura en fachadas da torre de prácticas e túnel de fumes do parque de bombeiros, por importe de 44.536,47 euros, a favor de **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Deportes**

- Para a adquisición de camisetas para a clausura da escola deportiva municipal deporte para maiores que se imparte nas instalacións de Frigsa e Pedreiras, por importe de 1.001,88 euros, a favor de **CARMEN VÁZQUEZ PORTOMENE.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Parque Móbil**

- Para recambios, accesorios e reparacións de vehículos de maquinaria municipal, por importe de 10.890 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)**

- Para o subministro de diverso material de oficina (clips, grampas, fundas de plástico, tesoiras, grampadoras, rotuladores...etc...,impresión en branco e negro de unidades de temario do obradoiro de novas tecnoloxías para os alumnos participantes nas nove accións formativas da 3ª edición-quinta fase do proxecto LUGO EMPREGO ACTIVO 2, por importe de 702,44 euros, a favor de **PRELO,S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Policía Local**

- Para adquisición de pintura para a brigada de sinalización, por importe de 1.906,57 euros, a favor de **COMERCIAL OSVANE, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

## **2.- Facturas para ditame**

- Dación de conta do decreto número 15004279, de data 26 de maio de 2015, de aprobación de determinadas facturas.

## **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.